

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO 11 DE XUÑO DE 2007

### 2.- Solicitudes de licenzas de obras.

#### **FAVORABLES.-**

**112/07.- Instituto Galego da Vivenda e Solo (Xunta).**- Adecuación da urbanización adxacente ás parcelas 2M2 e 2M3 do SUNP-15 de Ponteperedá.-

#### **APERTURAS.-**

**Lap/6/07.-Ramón Carlín Couto SC.-** Café-bar-restaurante na Rúa das Orfas núm.27.-

### 4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas para varias familias.

### 5.- Adxudicación das Obras de Reforzo do pavimento en BARGO, incluídas no POS 2007 da Excmá. Deputación Provincial da Coruña.

Adxudícanse á empresa OVIGA, SL, por importe de 83.420 euros.

### 6.- Adxudicación das Obras de Reforzo do firme na vía pública R-23-IV a LAMASCAL, incluídas no POS 2007 da Excmá. Deputación Provincial da Coruña.

Adxudícanse as obras á empresa EULOGIO VIÑAL, SL, por importe de 194.000 euros.

### 7.- Adxudicación do Servizo de desenvolvemento da Escola de Verán de Inglés para os escolares de Santiago.

Adxudícase o servizo á empresa ACTIVIDADES FORMATIVAS, SL, por importe de 33.000 euros.

### 8.- Proposta da concelleira delegada de Limpeza relativa á desestimación dun recurso de reposición interposto por unha empresa contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de marzo de 2007.

Desestímase o recurso de reposición interposto por URBASER, SA, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de marzo de 2007 quedando fixado o canon para todo o ano natural en base á aplicación do IPC do período anterior, agás a primeira revisión, co obxecto de regularizar as revisións aos exercizos naturais.

### 9.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á concesión dos premios do sorteo da campaña informativa sobre o uso correcto do colector de envases de plástico, latas e briks.

Apróbase a concesión dos premios e o listado de gañadores.

### 10.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación das listas provisionais de admisión e das listas de espera para o curso 2007-2008 nas diferentes unidades das Escolas Infantís Municipais de Conxo e das Fontiñas.

Apróbanse as listas provisionais de admisión e as listas de espera para o curso 2007-2008 nas diferentes unidades das Escolas Infantís Municipais de Conxo e Fontiñas. Esta relación exporase no taboleiro xeral do Concello de Santiago e no Departamento de Educación e Mocidade. Os solicitantes que o desexen poderán efectuar as reclamacións, debidamente documentadas, que consideren oportunas, no prazo de 10 días desde a data de publicación da relación provisional.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa ao informe sobre a incorporación do anexo entre o Cruce de Bargo e Albudiño.**

Infórmase favorablemente a incorporación do devandito anexo.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización á Fundación Compostela Deporte de diversas instalacións e colocación de publicidade por mor do desenvolvemento do Torneo Internacional COMPOSTELA CUP.**

Autorízase o uso gratuíto do Estadio de San Lázaro e o Campo de San Lázaro II do 2 ao 8 de xullo. No que se refire ao resto das instalacións, pavillóns deportivos e campo de fútbol de Santa Isabel, a súa gratuidade xa está contemplada por ordenanza. Tamén se autoriza o uso gratuíto da sala de prensa do Estadio de San Lázaro, desde o 12 de xuño ata o día 10 de xullo, e a colocación de publicidade nas instalacións municipais.

**13.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle para a rehabilitación integral do Barrio de Vista Alegre.**

Apróbase o devandito estudo.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25) de Roxos.**

Apróbase inicialmente o devandito proxecto de urbanización.

**15.- Proposta da concelleira delegada da Unidade Municipal de Atención a Drogodependencias relativa á traspaso de cantidade para o convenio do Programa Sócrates Grundtving 2.**

Apróbase o traspaso de 1.200 euros.

**16.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á posta en marcha das actividades de información, orientación e busca de empregos en colaboración coa Consellería de Traballo.**

Infórmase da concesión da subvención plurianual da Dirección Xeral de Formación e Colocación para estas actividades, por un importe de 44.159 euros (30.3999 para 2007 e 13.759 para 2008), así como da contratación dunha técnica de orientación laboral e dun auxiliar administrativo.

**17.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación dos gastos de mantemento das instalacións deportivas.**

Apróbase un importe de 18.000 euros para os gastos de mantemento das instalacións deportivas.

## **URXENCIAS**

1.- Adxudícase a explotación do servizo de Axuda no Fogar no Concello de Santiago á empresa CLECE, SA, por un importe de 12,58 euros/hora para servizos en días laborables e 13,49 euros/hora en domingos e festivos.